

Falando de Pintura

Juan Antonio Loureiro Vázquez

Para enfocar e contextualizar mellor o tema, comezaremos este artigo falando da pintura de forma xeral para na segunda parte, falar da importancia da pintura na nosa terra, citando aínda que sexa de forma breve os seus principais representantes.

Buscando como definir a pintura, semella acertado referirse a ela como unha manifestación artística que transmite a beleza a través das formas e da cor, engadindo que, en certas ocasións as obras pictóricas tiveron outros fins distintos dos estéticos e que na actualidade algúns traballos, esquecen as formas e a cor, para transmitir as ideas e sentimentos do pintor sen trabas de normas ou de regras. Referíndonos ás formas hai que considerar o debuxo como o apoio fundamental do que se vale a

pintura, para conquistar as formas e o volume. En canto ás cores son a base da pintura, xa que esta en esencia é a expresión da cor, ou dito doutra maneira, a cor é o risco identificador da pintura comparada co resto das manifestacións artísticas.


As cores están constituídas por dous elementos: o pigmento e o aglutinante, sendo este último o que determina as diferentes técnicas pictóricas como óleo, acrílico, acuarela, témpera, gouache ou pastel, segundo se mesture o mesmo pigmento con aceites graxos, resinas sintéticas, goma arábica, etc. As distintas cores producen nunha obra tamén distintos efectos, de maneira que se resultan atractivas á vista, diremos que son cores harmónicas, se abundan as cores frías (gama de azuis e violetas) teremos sensacións de intimidación, mentres que se as cores son mornas (gama de vermellos, laranxas e amarelos) resaltan o brillo e son máis alegres.

Lemos ás veces que a condición de "fistera" tivo repercusión no desenvolvemento da pintura en Galicia antes do século XIX; pero seguramente a repercusión foi a mesma en calquera outro punto do continente que se atopara lonxe dos centros de poder económico e político, que era onde estaban os mecenas que encargaban as obras. Non atopamos na nosa terra moitas mostras de pinturas prehistóricas, salvo algunhas como a do dolmen de Vimianzo e por suposto os gravados dos petróglifos, con figuras zoomorfas, que son abundantes nos penedos galegos; moi preto de Lérez, no Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, temos un dos mellores exemplos na

rocha dos Carballos. Da época dos romanos e dos posteriores períodos románico e gótico quedan algunhas mostras. Podemos citar como máis significativas: San Pedro de Rocas (Esgos–Ourense), San Francisco de Viveiro (Mondoñedo), San Xoán de Portomarín, e as do presbiterio de Vilar de Donas (Palas de Rei, Lugo), e tamén, e moito mellor conservadas, as miniaturas dos códices e dos misais; as razóns polas que desapareceron ou están mal conservadas son varias, empezando pola humidade das igrexas, as actuacións humanas irresponsables, como o afán de anovar suprimindo murais para deixar a pedra á vista, e en xeral a falta de interese por este tipo de arte. O coñecido como pintor de Banga (primeira metade do século XVI) é o autor dos murais manieristas das igrexas ourensás de Santa Bahía de Banga e de Santa María de Mugares; tamén co mesmo estilo sobresaí o aragonés Bautista Celma, que se asentou en Compostela en 1564; contemporáneos destes dous, aínda que con obras menos vangardistas, houbo outros como o portugués Francisco Teide que pintou en 1581 en Santa María en Pontevedra. A finais do s. XVI abandónase o costume de pintar murais nas igrexas, confiemos en que os que quedan sexan conservados debidamente. No século XVII, as figuras máis destacadas son o ourensán Antonio Puga (1602-1648), discípulo de Velázquez, que estivo na corte de Felipe IV -cunha pintura dun afiadador no Museo do Hermitage, e tamén podemos ver no Museo de Pontevedra unha Anciá Sentada (depósito do Museo do Prado)-, e Juan Antonio García de Bouzas (1670-1755), de quen se perderon moitas obras pero quedan seis ou sete que dan mostra



Alfonso Rodríguez Castelao (1886-1929)
Cego e Filla. 1922-1929
Augada Sobre Papel
 Museo de Pontevedra



Julia Mingullón "A escola de Doloriñas", 1941.
Museo Provincial de Lugo

do seu talento, como o Apóstolo Santiago que se atopa na sancristía da Catedral de Santiago. Tamén a cabalo entre o século XVIII e XIX, temos pintores importantes como Gregorio Ferro (Boqueixón, 1742), Plácido Fernández Arosa, Cancela del Río, o asturiano instalado en Santiago Dionisio Fierros, e o xenial paisaxista Jenaro Pérez Villaamil (Ferrol 1807-Madrid 1854), de quen se contabilizan uns oito mil óleos.

No século XIX, a pintura galega conta con unha nómina importante de autores, empezando polo grupo dos que se coñecen como Xeración Doente (todos morreron cedo): Jenaro Carrero (Noia 1874), Ovidio Murguía -fillo de Rosalía- (Lastrove 1871-1900), Parada Justel (Esgos 1871) e Joaquin Vaamonde (A Coruña 1872), con obras en pinacotecas tan importantes como o Prado ou a colección da Casa de Alba. Nesta época a temática relixiosa queda relegada e búscase máis reflectir a sociedade do momento, na que aparece o debate entre tradición

e modernidade, como corresponde a unha sociedade de raizame rural, na que pequenas elites vanse incorporando ao progreso. Ademais dos citados artistas da Xeración Doente cumpre citar o extraordinario Serafín Avendaño (Vigo 1837-1916) -véxase "Recollendo Algas", Museo de Pontevedra-, Modesto Brocos, Román Navarro e Germán Taibo, así como os foráneos Jose M^a Fenollera (valenciano, afincado en Santiago en 1887), e Pablo Ruiz Picasso, que chegou á Coruña en 1891 e fixo a primeira exposición na rúa Real en 1893. Hai un grupo de pintores nados no derradeiro cuarto do dezanove, que van a ter a Galiza por obxectivo vital, son todos persoas con formación académica que viaxaron polo mundo e quixeron mostrar o seu espírito rexionalista pintando as xentes e as paisaxes galegas; pertencen a este grupo nomes moi coñecidos, que sobresaíron a nivel nacional e internacional, como : Manuel Abelenda (1889-1957), Bello Piñeiro (1886-1952), o pontevedrés Carlos Sobrino (1885-1978), o egrexio ferrolán Fernando

Álvarez de Sotomaior (1875-1960), con obras no Museo Raiña Sofía (Nenas de Aldea), e no Museo de Pontevedra (O Berbes e Vendedora de Froita), e tamén Francisco Lloréns (Coruña 1882-1948), Antonio Fernández (Goián 1882-1970), Imeldo Corral, Rodríguez Corredoira, o albacetense-galego Mariano Tito Vázquez, e o santiagués Juan Luis.

O rexionalismo, que empezara en 1880 cando Rosalía publica Follas Novas, tivo no campo da pintura representantes con diferenzas en canto a matices, de maneira que algúns afondaron máis no ser humano e en buscar a alma das nosas xentes, e tamén en canto a técnicas xa que, ademais do óleo, algúns artistas desta época pintaron acuarelas e outros fixeron ilustracións gráficas (en moitos casos no mundo editorial madrileño), debuxos publicitarios e gravados; é esta unha época moi prolifera en bos artistas, algúns deles citámoslos de seguido: Federico Rivas (con moi boas acuarelas no Museo de Pontevedra), Alfredo Souto, Díaz Baliño, Máximo



Mario Fernández Granell (*A Coruña, 1914 – Vigo, 1991*). *Cosedoras de Redes II*, 1985
 Acrílico sobre lenzo
 95x125
 Colección Abanca

Ramos, Castro Gil, Xulio Prieto Nespereira, Manuel Bujados, sen esquecermos do pontevedrés Manuel Quiroga Losada (nado en 1892, na casa do nº 37 da Rúa do Comercio, que hoxe leva o seu nome), quen, ademais de insigne violinista, pintou caricaturas, retratos e paisaxes, moitos deles no Museo de Pontevedra. Por veces, non resulta doado agrupar determinados artistas, xa que algúns como Armando Suárez Couto (Ribadeo 1894), -con obra no Museo de Pontevedra- empezaron formando parte das Vanguardas madrileña e parisina, con inclinacións cubistas, para máis tarde meterse de cheo no costumismo dos rexionalistas; tamén podemos considerar dentro dos rexionalistas a Lino Villafinez (Marín, 1892), Luis Mosquera, Fermín González Prieto, López Garabal, e Luis Pintos Fonseca (Pontevedra 1906), que, entre outras, pintou dúas paisaxes de Lérez, que se mostran no Museo Quiñones de León de Vigo.

Para rematar cos rexionalistas, hai que nomear a catro importantes mulleres: M^a do Carmo Corredoira (A Coruña, 1893-1970), discípula

de Sorolla que pintou interiores con impresionante realismo; Carme Legísima (Piñor de Cea, Ourense 1904- Vigo 1980), que pintou magníficos retratos, flores e bodegóns, e participou en exposicións en distintas partes do mundo, en moitos casos acompañada da súa irmá Matilde que tamén era pintora; Concha Vázquez (Santiago 1906-1971), casada co pintor, xa citado, Manuel López Garabal e discípula de Tito Vázquez. As súas obras transmiten fundamentalmente un gran humanismo. Finalmente a xenial Julia Minguillón (Lugo 1906- Madrid 1965), que expuxo en todo o mundo - Madrid, Paris, Nova York, Lisboa, Roma, Berlín, Londres.... -, de quen dixo Solana " se pintasen todas as pintoras como Julia, os homes xa podíamos irnos á m.", foi a única muller que gañou a medalla de ouro na Exposición Nacional de Belas Artes, tal feito tivo lugar en 1941, co óleo A escola de Doloriñas.

A finais da segunda década do século XX, prodúcese na cultura galega un afán de modernidade, que

no tocante as artes plásticas, coñeceuse como Vanguarda Histórica; os primeiros vangardistas, sen chegar a facer un cambio rotundo de estilo, introducen elementos do cubismo e do expresionismo, e danlle un valor construtivo á cor do xeito de Cézanne, pero máis que un cambio formalista, o que hai é un cambio das posturas ideolóxicas; "Os Novos", como lles chaman os da xeración Nós, herdán dos seus predecesores de Nós as reivindicacións nacionalistas, e debaten entre rexionalismo e nacionalismo na procura da identidade diferenciadora como pobo. Un home que non podemos esquecer se falamos de labor gráfico e político é Alfonso Rodríguez Castelao, quen sempre xuntou a estética da súa produción artística, coa ética da súa conciencia, (véxase O cego e a filla - Museo de Pontevedra, e os centos de viñetas satíricas de "Cousas e Cousas da vida"); volvendo ás Vanguardas, os primeiros membros deste grupo foron Manuel Colmeiro (Silleda 1901), Carlos Maside (Cesures 1897), Manuel Torres (Marín 1901), Arturo Souto (Pontevedra, 1902-México, 1962), Cándido Fernández Maza (1902-1942), Luís Seoane (1910-1979), Laxeiro (Lalín, 1908-Vigo, 1996), este último ten diferentes etapas artísticas, pero desde os comezos el defínese como precursor da Nova Figuración (véxase o mural do Café Moderno de Pontevedra), na súa obra resaltan as figuras fantásticas, a austeridade cromática, e os trazos grosos propios do expresionismo; tamén son contemporáneos José Frau (Vigo, 1898-Madrid, 1976) con varias obras no Raiña Sofía, Virxilio Blanco (Forcarei, 1869-1949) quen por ter estudado en Paris -cunha bolsa da Deputación de Pontevedra- ten algunhas influencias do fauvismo, e tamén os surrealistas Urbano Lugris (A Coruña 1906-1973) e a transgresora, amiga de Alberti, Lorca, Miguel Hernandez, Dalí... (coñecidos como

a xeración do 27) Maruja Mallo (Viveiro, 1909- Madrid 1995), de quen se poden tamén ver obras no Raiña Sofía.

A Guerra Civil freou momentaneamente a importante renovación da pintura galega, que desde 1925 viñase producindo grazas sobre todo ao importante labor-creación de bolsas - da Deputación de Pontevedra, e o interese do seu presidente D. Daniel de la Sota; despois da Guerra, no illamento internacional, e a consecuente autarquía interior -que duraría deica 1960 -sobresaíron un grupo importante de artistas tanto en "novas figuracións", como en abstraccións, do primeiro grupo hai que nomear a: Manuel Pesqueira, Uxío Fernández Granell, Luis Torrás, Mario Fernández Granell, Manuel Prego, Isaac Díaz Pardo (Santiago,1920), Antonio Tenreiro e M^a Antonia Dans. Algúns dos que fixeron abstracción foron: Lago Ribera, Manuel Mampaso (pioneiro da abstracción expresionista), Leopoldo Nóvoa, Tino Grandín, Vázquez Molezún, José M^a. Labra, Luis Caruncho, Ramón Lorda Deside, Alexandre González Pascual e Reimundo Patiño.

Na extensa relación de pintores galegos da segunda metade do século vinte, hainos que seguen a liña tradicional cos temas de sempre, aínda que valéndose de tendencias modernas, outros que rompen coas canles tradicionais para pintar calquera temática, así mesmo hai realismo, expresionismo esquemático, figuración, neoexpresionismo etc.; aínda co risco de ser exhaustivos, vamos a nomealos, sen especificar detalladamente os seus estilos.

Pintaron a realidade: Conde Corbal (Pontevedra1923),Rafael Alonso (Pontevedra1924), Virxilio Fernández Cañedo, M^a Victoria de la Fuente, Xavier Pousa -realismo puro-, Rafael

Ubeda (Pontevedra1932); Jorge Castillo (Pontevedra1933), Xulio Maside, Xaime Quesada, e Xose Luis de Dios; outros tamén fixeron realismo, pero con liberdade absoluta na súa interpretación: Xulio Fernández Argüelles, Antón Abreu, Gabino Rey, Felipe Criado, Enrique Ortiz, Antón Quesada, Jesús Caulonga, Rogelio Puente - pintura perfeccionista con temática de interiores-, Elena Gago e Alfonso Costas.

Outros reconsideraron a realidade desde unha óptica figurativa expresionista, como Rivas Briones, José Solla, Alfonso Abelenda, Manuel Ayaso, Xosé Barreiro, (Forcarei,1940) pintura expresionista con cores agresivas, Alfonso Sucasas, Angel Sevillano, (Vigo,1942-1994) pintura moi colorista, Antón Pulido, Agustín Perez Bellas e a súa dona Mercedes Ruibal (San Andrés de Xeve,1928) pintora do estilo de Laxeiro, aínda que máis naif; outros foron da figuración á abstracción, como Segura Torrella, Jesús Núñez, López Guntín, Lodeiro (Vigo1930-1996) fixo un expresionismo esquemático con cores equilibradas, Solveira, Alberto Datas, Antón Goyanes, Aramburu, Urbano Lugris Vadillo, Francisco G. Lagares; así mesmo hai que nomear a: Quintana Martelo, Nelson Zumel, Arturo Cifuentes, Bea Rey, Xan Fernández, Ana Legido, Santiago Montes, Manuel Facal, Moncho Borrajo Morquecho (Pontevedra, 1946), Xose Guillermo; Alexandro, Pardiñas, Carmen Domínguez, e Celso Varela; e tamén a Fernando Quesada, Vazquez Cereijo, Manuel Vidal, Roberto González Fernández, José Luis González Loureiro (Narón 1943) fai abstracción geométrica, Francisco Mantecón, Armando Guerra, Vidal Souto, Miguel Pereira, Xose Vivian Lourenzo, Antón Sobral (Marín 1952), Jorge Llorca, Rafael Romero, Rosa Caamaño, e Pedro Muiño. Despois de 1980, a raíz da exposición colectiva Atlántica 80, prodúcese unha

transformación pictórica neoexpresionista que afecta tanto a abstracción, como a figuración, nela están : Rafael Baixeras, Manuel Ruibal, Manuel Moldes, Xavier Correa Corredoira, Antón Patiño, Xaime Cabanas, Menchu Lamas, Miguel Mosquera, Jose freixanes, Chavete, Chelín, e Juan Marínez de la Colina, e os que fan nova figuración como: Enrique Campo Sobrino, Antonio Medal, Benito Prieto Coussent, Emilio Fernández Rodal, Manuel Pailos, Angel Botello Barros, Luis Gómez Pacios, Gerardo Porto, Tomás Barros, Antonio García Patiño, e Leopoldo Varela.

Citar esta listaxe exhaustiva de pintores galegos, ten por obxectivo principal resaltar a importancia da pintura na nosa terra tanto no século XIX como no XX; incluso no momento actual, cando moitas obras feitas con colaxes, remendos e técnicas novas carentes de estética, de cor e de forma, dan a sensación de dexeneración da pintura, hai moitos pintores galegos que sobresaen a nivel internacional, tal e o caso do lucense Antonio Murado (Lugo, 1964), que recentemente recibiu a encarga de tres lenzos que se exhibirán de forma permanente no proxecto arquitectónico do novo World Trade Center (memorial do 11-S).

Para rematar, e xa a nivel persoal quero aclarar que cando falo da sensación de "dexenaración", non pretendo facer de crítico de arte, valorando máis unhas obras que outras, podo ter preferencias de estilos, pero respecto moito, faltaría máis, o enxeño e a personalidade de cada artista; o que si merece crítica e a falta de información acerca das obras de arte que se gardan nos nosos museos, e incluso a falta de sinais nas vilas para indicar onde se atopan os museos, iso considéroo fundamental, non só para fomentar a cultura senón para facela rendible.